

# Obxectivos

**Resolver os conflitos** que, por calquera circunstancia, non puideron ser manexados polas partes implicadas.

Permitir a **participación** dos membros da comunidade escolar na solución dos seus propios conflitos.

**Ensinar habilidades** de resolución de conflitos aos colectivos implicados no programa.

Mellorar a **convivencia**.

**Reducir** os niveis de violencia



*DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG Nº 17 Martes, 27/01/15)*

## **Artigo 26. Mediación escolar**

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.



**IES ÁNXEL FOLE**



# MEDIACIÓN ESCOLAR

IES  
ÁN  
XEL  
F  
O  
L  
E



# Que é?

Proceso voluntario no que a intervención neutral dun terceiro facilita que as partes en conflito busquen por si mesmas unha solución.

## Principios e fundamentos

A mediación é un proceso cuxo obxectivo é a resolución dun conflito en base aos intereses e necesidades das persoas involucradas.

Supón a intervención dun 3º imparcial, a persoa mediadora, que axuda ás partes para restablecer a comunicación, a comprenderse e a traballar conxuntamente ata alcanzar un acordo mutuamente satisfactorio.

As partes voluntariamente aceptan a asistencia do mediador na procura de solucións.

É unha ferramenta máis ao servizo dun modelo de convivencia positivo e pacífico.

**Voluntariedade.** As partes acoden á mediación voluntariamente e poden decidir abandonala en calquera momento. Ninguén pode ser obrigado a dialogar nin a solucionar colaborativamente un conflito.

**Autonomía da decisión.** As partes conservan a capacidade de tomar decisións respecto do seu conflito. A persoa mediadora non pode impoñer ningún tipo de solución, non é un/a xuíz/a nin un/a árbitro.

**Neutralidade e imparcialidade.** A persoa mediadora non se posiciona a favor de ningunha das partes e non ten interese en ningún tipo de resultado en canto á solución.

**Confidencialidade.** O proceso é confidencial e o que se di na mediación non pode repetirse noutro foro.

**Boa fe.** As partes acoden ao proceso de mediación porque o seu obxectivo é, realmente, solucionar o conflito.



- + A mediación vén producir un cambio social respecto de como entender un conflito, pero sobre todo en canto ao como resolvelo.
- + Con ela obtemos un máximo de beneficio social, de riqueza social, xa que con menores recursos no seu conxunto obtemos maiores beneficios, tanto no ámbito social como persoal.